



Encaramos a nosa intervención no panel de experiencias destes encontros orientándoa como o relato da transformación da nosa biblioteca escolar, que abrangueu cantos traballos se abordan nunca biblioteca e que entendemos que foi e vai permeabilizando todos os aspectos da vida escolar. O guión sería o seguinte:

1. Breve exposición do punto de partida en relación coa colección, o espazo, a organización e os recursos, o fomento da lectura...

2. Relación dos pasos dados de cara á consecución duns obxectivos, logo dos tateos iniciais. Reflexión sobre a situación e definición dun proxecto:

- 1ª FASE: a organización da colección, e a súa visibilización, posta ao día e adecuación aos usuarios, a mellora e reorganización do espazo,
- 2ª FASE: a organización do traballo e responsabilidades, a definición de normas, o establecemento de criterios de gasto, a procura de colaboradores dentro do centro tanto entre o alumnado como entre o profesorado.
- 3ª FASE: o cambio de mentalidade sobre a función da biblioteca escolar, traballando sobre as coordenadas da información e difusión en torno ao novo papel que se lle pretende asignar: formación de usuarios, animación á lectura, realización de actividades en torno a ideas-guía ou fíos condutores nos que un amplo espectro do alumnado e profesorado poida colaborar e beneficiarse, intercambio de experiencias lectoras para abrir o campo de actuación da biblioteca ao contexto extraacadémico (convocatoria de certames culturais, participación desde a biblioteca na celebración de conmemoracións de repercusión social ou académica, actuacións...) Tamén integran ese novo papel a edición de materiais propios como unha vía de colaboración máis con diversas entidades do centro e, finalmente, a incardinación no currículo elaborando diversos proxectos: PCL, PAL, Hora de Lectura, Club de Lectura, Materia opcional,...
- 4ª FASE: de autoavaliación, onde se revisa o feito e se constatan as carencias ou os defectos que en cada momento foron surxindo.

3. Remataremos a exposición co exemplo dun pack de actividades en torno ao eixo temático que protagonizou o curso 2009/10: "Un cadáver na biblioteca". Pasen e vexan.